



BASES REGULADORAS DA ACCIÓN DE DINAMIZACIÓN COMERCIAL “PASAPORTE SHOPPING NIGHT 2026”

Campaña de Promoción e Impulso ao Comercio Local de Redondela

1. DENOMINACIÓN DA CAMPAÑA

A presente acción promocional e de dinamización comercial denomínase **“PASAPORTE ALOHA! SHOPPING NIGHT 2026”**, organizada no marco dos eventos de promoción do comercio local de Redondela.

2. ENTIDADE ORGANIZADORA

Entidade:	Asociación de Empresas de Redondela
Domicilio Social:	R/ 8 de Marzo, Nº 6, 36800 Redondela (Pontevedra)
CIF:	G36039238
Correo Electrónico:	info@empresasredondela.gal
Sitio Web:	www.empresasredondela.gal

3. ÁMBITO TERRITORIAL E DE APLICACIÓN

A promoción circunscríbese ao ámbito territorial do **Concello de Redondela** e será aplicable exclusivamente nos establecementos comerciais asociados á Asociación de Empresas de Redondela que estean debidamente adheridos á campaña **Shopping Night 2026** e identificados coa cartellaría oficial.

4. PERÍODO TEMPORAL

A campaña desenvolverase durante a xornada da **Shopping Night 2026 (Venres, 31 de Xullo)**, desde as 19:00h. Poderán participar todas as persoas consumidoras que realicen as súas compras nos establecementos participantes durante o horario e data oficial da Shopping Night 2026.

5. REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN

Poderán participar na promoción as persoas físicas maiores de 18 anos que acepten integramente as presentes bases.

- **Gratuidade:** A participación é totalmente gratuíta e non supón ningún pago adicional nin sobrecoste sobre as compras realizadas.
- **Restrición de persoal:** As persoas titulares ou traballadoras dos establecementos participantes non poderán participar selando os seus propios pasaportes nos seus propios establecementos, aínda que si poderán participar realizando compras e selando noutros comercios adheridos.

- **Exclusións:** Calquera conducta contraria á moral, á lei ou á imaxe da entidade organizadora ou das empresas participantes dará lugar á inmediata exclusión da persoa participante.

6. MECÁNICA DA PROMOCIÓN

A mecánica de participación na campaña articularase mediante o **Pasaporte de Compras** físico:

1. **Obtención e selado do pasaporte:** A persoa consumidora recibirá un Pasaporte de Compras e obterá un **selo do establecemento** por cada compra realizada durante a Shopping Night 2026 nos comercios adheridos.
2. **Cumplimentación de datos:** Para ser válido, o participante deberá cubrir no pasaporte os seus datos de contacto: **Nome e Apelidos e Teléfono de contacto**.
3. **Depósito en urna:** Unha vez obtidos os selos dos establecementos, o pasaporte completado deberá depositarse en calquera das **urnas oficiais** situadas nas tendas participantes antes do peche da campaña.

Así mesmo, a organización pon a disposición dos participantes información detallada, consulta de bases e acceso a outras promocións a través da web www.empresasredondela.gal mediante escaneo do código QR impreso no pasaporte.

7. PREMIOS E SORTEO

PREMIOS DA CAMPAÑA:

Sorteo de ata **4 Vales de Compra de 50€ cada un** (cun importe total de 200€ en vales), destinados a ser consumidos no comercio local asociado de Redondela.

Condicións dos premios e do sorteo:

- O sorteo realizarase entre todos os pasaportes válidos recollidos nas urnas oficiais.
- Os premios concedidos en ningún caso poderán ser obxecto de cambio, alteración ou compensación económica en diñeiro a petición da persoa gañadora.
- Comunicarase a concesión dos premios ás persoas gañadoras por teléfono, e-mail ou WhatsApp, e/oi publicaráse nos medios de comunicación e redes sociais da Asociación.
- En caso de non poder contactar coa persoa premiada no prazo de **48 horas** ou de incumprimento dos requisitos, designarase unha persoa suplente (1 suplente por premio). Se o premio quedase deserto, a entidade disporá do mesmo segundo considere.
- A persoa gañadora (ou persoa autorizada no seu nome) deberá acudir persoalmente a recoller o premio no lugar, día e hora designados pola entidade organizadora. Non se realizarán envíos a domicilio.

8. RETENCIÓN FISCAL

De conformidade coa normativa do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF), os premios concedidos por participación en xogos, concursos ou combinacións aleatorias vinculadas á promoción de bens ou servizos están suxeitos a retención ou ingreso a conta sempre que o valor do premio supere os trescentos euros (300€).

9. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PESOAL

En cumprimento da normativa en materia de protección de datos —Regulamento (UE) 2016/679 (GDPR) e Ley Orgánica 3/2018 (LOPDGDD)— informase de que os datos persoais facilitados no pasaporte serán tratados pola Asociación de Empresas de Redondela coa finalidade exclusiva de xestionar a participación na presente promoción e a entrega dos premios.

As persoas participantes poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación, limitación e oposición enviando un correo electrónico a info@empresasredondela.gal ou por correo postal a R/ 8 de Marzo, Nº 6, 36800 Redondela (Pontevedra). Pode consultar a política de privacidade en <https://www.empresasredondela.gal/noticias/proteccion-de-datos>.

10. DEREITOS DE IMAXE

A meira aceptación dos premios implica a autorización expresa á Asociación de Empresas de Redondela para utilizar e publicar o nome, apelidos e imaxe das persoas agraciadas en calquera actividade promocional, medios de comunicación ou redes sociais da entidade relacionada coa campaña, sen que iso dote de dereito a remuneración ou beneficio ningún.

11. RESERVAS E LIMITACIÓNS

A entidade organizadora resérvase o dereito a modificar, suspender, ampliar ou cancelar a presente promoción por causas xustificadas ou de forza maior, sen que os participantes poidan esixir responsabilidade algunha. Así mesmo, a organización resérvase a facultade de excluír a calquera participante que incorra en fraudes ou irregularidades no desenvolvemento da campaña.

12. ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación na acción promocional “PASAPORTE SHOPPING NIGHT 2026” supón a aceptación plena e sen reservas de todas e cada unha das presentes bases reguladoras. Ante calquera dúbida ou discrepancia na interpretación das bases, prevalecerá o criterio da Asociación de Empresas de Redondela.

Asociación de Empresas de Redondela • R/ 8 de Marzo, Nº 6, Redondela • Tel: 986 40 40 12 • info@empresasredondela.gal • www.empresasredondela.gal